



Alba Álvarez Núñez
Gandeira, Vegadeo (Asturias)

► RESULTA DIFÍCIL NON EMOCIONARSE COÑECENDO O ESFORZO QUE EXISTE DETRÁS DOS CONCURSOS DE TAN ALTO NIVEL E ANTE O RECOÑECEMENTO AO TRABALLO CONSTANTE E INCANSABLE

A gandería española, na elite

A cidade suíza de Xenebra acolleu do 15 ao 18 de xaneiro unha nova edición do seu prestixioso concurso internacional Swiss Expo, un campionato que busca o mellor exemplar vacún de, entre outras, a raza Holstein. Tiven a sorte de, por vocación profesional primeiro e pola vinculación que manteño co sector gandeiro despois, poder asistir a este concurso en practicamente todas as edicións do último lustro, onde puiden comprobar en primeira persoa o seu crecemento tanto no número de participantes e na calidade das reses coma na profesionalidade da súa organización.

Non obstante, eses méritos non poden ser alcanzados sen o esforzo e a implicación dos que concorreron á cita. Quero expresarlle a miña admiración, o meu orgullo e o meu recoñecemento á delegación española que acudiu a Xenebra, sen esquecerme daqueles que non puideron estar fisicamente, pero non perderon detalle do que sucedía no Swiss Expo. Grazas a eles e a elas, España non só gozou dunha moi digna representación, senón que, ademais, fixo historia ao lograr algo que nunca antes conseguira unha res española: da man do asturiano Alberto Medina, H. Tobías Solomon Am Adena alzouse co título de Gran Campiona de Xovencas Swiss Expo 2020.

Adena é un exemplar nado na comarca cordobesa de Valle de los Pedroches, pero pasou os últimos meses en Castiello, un pequeno recuncho da zona rural de Xixón. Huerta Los Tobías (Córdoba), Planillo Holstein (Navarra) e Alberto Medina (Asturias) son os copropietarios deste prestixioso animal.

Non é fácil chegar, non é fácil coarse entre os mellores e moito menos volver á casa con todo un primeiro premio debaixo do brazo, polo que resulta difícil non emocionarse coñecendo o esforzo que existe detrás dos concursos de tan alto nivel e ante o recoñecemento ao traballo constante e incansable, á profesionalidade e, sobre todo, á grande amizade que existe entre gandeiros e preparadores.

Convertestes en realidade o que para moitos de nós era un soño. O nome do medio rural asturiano está, unha vez máis, no máis alto grazas ao esforzo e á dedicación daqueles que fan da súa paixón polo campo unha profesión cada vez máis recoñecida e prezada fóra das nosas fronteiras. Parabéns! ■